




# RÍO DO SEIXO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12 a 13 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 4 a 5 horas



Camiño pola carballreira. Nesta carballreira descubriuse recentemente unha nova especie de cogomelo, única no mundo, á que se lle deu o nome de *Ramaria Cerdedensis*.



Val do Seixo e Outeiro dos Carpinteiros

Unha camiñada para percorrer o val do río do Seixo, linde do espazo protexido LIC Serra do Cando, en Cerdedo. Ao río Seixo dalle nome o monte no que nace, o monte do Seixo, cume sobranceiro e mítico da serra do Cando, da Dorsal Galega, na Terra de Montes. Un río de curto percorrido pero cargado de atractivos en forma de muíños, pontellas, pozas, fervenzas, vexetación circundante, historias e lendas. Unha camiñada que se fai en gran parte por dentro das carballerías que medran no fondo do val, a case todo o longo do percorrido, na que non faltan exemplares de máis de catro metros de perímetro e outros de menos grosor pero de moi bo aspecto e vigoroso porte, aos que acompañan algúns acivros, pereiras bravas e outras árbores de menos desenvolvemento propias do entorno, e nas marxes do río salgueiros, abeleiras e bidueiros. Por enriba deles cubren o monte toxos, xestas e breixos.



Pontella entre Meilide e Cabenca

## COMO CHEGAR:


Comezamos a ruta en Cabenca a onde baixamos desde Cerdedo pola estrada que vai a Meilide e Abelaíndo, para desviarnos logo á dereita cara á zona deportiva e á praia fluvial, despois de cruzar o río atopamos o desvío, á esquerda, que nos leva ao lugar onde deixamos o coche. Tamén podemos deixar o coche no aparcamento ao pé da área recreativa e achegarnos a Cabenca camiñando (uns 400 metros). En Cabenca cruzamos o lugar e collemos o camiño, marcado e reparado, que remonta o río por enriba da levada da auga, a camiñada tamén se pode facer seguindo a levada, a bastante altura sobre do nivel do río que entreveremos a correr alá en baixo, e, sen deixar o camiño, a non ser que algún punto do traxecto chame a nosa atención, iremos remontando o curso á sombra e o abrigo dos carballos ata un punto no que temos que cruzalo, na ponte da Laxa, para seguir, pola outra beira, unha pista ata que remata e continuar logo por un carreiro que sae dela para salvar a caída do regueiro Grande, principal afluente do río do Seixo, e un pouquiño despois de cruzalo atoparemos un desvío á dereita, en baixada, que nos leva ao Pozo Sangoento, unha fermosa ola na que cai unha ferverza, no que según a lenda (contao Calros Solla no seu libro "Cerdedo") se agocha un tesouro e tamén vive un xigantesco reptil "a serpe Bichoca" que emerxe unha vez ao ano para respirar e, se cadra, papar a algún incauto, aínda que o nome fai referencia ás numerosas vítimas que mergullaron nel buscando as riquezas que acolle. Volvemos de novo ao carreiro ata chegar á pontella de Estrela, logo o carreiro faise camiño vello empedrado que sube ata enlazar na estrada a uns 200 metros da Cavadosa. No lugar temos que facer un dobre percorrido primeiro para achegarse á ponte medieval da Cavadosa e logo para ver os muíños da parte alta e os saltos do río na súa caída do monte. A volta podémola facer pola estrada, pouco transitada e sempre costa abaixo con boas panorámicas do entorno e fermosos carballos, ou seguir a ruta marcada e desviarnos á dereita por unha pista de terra que gaña máis altura e continúa logo case a un nivel para baixar cara ao final desde a que se divisan amplas panorámicas do espazo e do val. En Meilide collemos o camiño que baixa ao río, e que coincide cun tramo da ruta do Padre Sarmiento, cruzamos a pontella dos Portamuíños, ao pé da que hai dous grandes carballos, e alí podemos remontar o río para ver de preto o Pozo Fumegas, outra ola con ferverza (1 km ida e volta), ou subir a costiña que nos leva ao pé da capela de San Salvador, en Cabenca, onde rematamos o percorrido. En este momento levaremos percorridos entre 12 e 13 km nos que teremos invertido unhas catro horas e media. Unha boa mañán. O concello ten sinalizada unha ruta que coincide en grande parte coa nosa proposta, co nome de "Muíños do río Seixo e do rego da Cavadosa".



Pontella no camiño da Cavadosa



Carballo de 4,64 m de perímetro á beira do río Seixo en Cabenca



Carballo de 6,59 m de perímetro á beira do río Seixo



Ponte medieval da Cavadosa



Feixa da Cavadosa



O Pozo Fumegas



O Pozo Sangoento